

**ANEXO III. BASES ESPECÍFICAS DO POSTO/EMPREGO DENOMINADO: PRAZA DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES O ABEIRO DO “PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS-PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2021”.**

**1.- Obxecto da convocatoria:** é obxecto das presentes bases a contratación de 4 PRAZAS DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES do Concello de Lán cara, persoal laboral temporal, mediante oposición, en base ó apartado “B.3 Programa fomento do emprego 2021”, incluído dentro das bases reguladoras do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2021, publicadas no Boletín oficial da provincia de Lugo, nº 2, de 8 de xaneiro de 2021.

**2.- Relación xurídica co Concello:** Persoal laboral temporal (6 meses).

Concepto	Importe
Salario bruto mensual incluída paga extra	1.404,90 euros

**3.- Funcións:** As correspondentes e propias de peón de servizos múltiples e as asignadas polo alcalde da Corporación e o servizo de obras, entre outras:

- Obras de mantementos sinxelas; limpeza e desbroces de camiños e estradas; colaboración nas obras de bacheos, entre outros.
- Acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vías municipais.
- Limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, rutas turísticas.
- Aquelas outras que lle encomende o seu superior xerárquico.

**4.- Requisitos imprescindibles:** Celga 1 o equivalente.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

**5.- Titulación requerida.** Certificado de escolaridade equivalente ou superior.

**6.- Requisitos específicos.** Non se esixen.

**7.- Baremo do sistema selectivo:** O sistema de selección será o de oposición.

Consistirá na realización dun exercicio práctico escrito ou presencial de carácter obrigatorio que será cualificados de 0 a 20 puntos.

Consistirá nun exercicio práctico proposto polo tribunal relacionado co programa específico (TEMAS 1, 4 e 6) reflectido no anexo I que contén o temario da convocatoria. Valorarase a corrección na execución da proba proposta ademais do cumprimento das obrigas

Concello de Lán cara



de seguridade e saúde no traballo. O tribunal poderá dialogar e razoar cos aspirantes analizando a execución da tarefa encomendada e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa.

### **Exercicio de proba de galego.**

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán someterse a un exame oral.

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o mesmo día asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.



## **ANEXO.- MODELO DE SOLICITUDE**

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE CATRO POSTOS DE TRABAJO DE PEÓN DE SERVIZOS MULTIPLES DO CONCELLO DE LÁNCARA, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN.

D/a.....  
provisto/a de D.N.I. nº..... con enderezo na  
R/.....  
nº..... piso..... C.P.....  
Localidade.....  
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Lánacara para a contratación laboral temporal a xornada completa, de  
- \_\_ PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES

### **DECLARO:**

**PRIMEIRO.-** Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

**SEGUNDO.-** Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

**TERCEIRO.-** Que autorizo ó Concello do Lánacara para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

**CUARTO.-** Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- o DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- o Titulación esixida na convocatoria:

**Concello de Lánacara**

Rúa Rosalía de Castro nº 17, A Pobra de San Xiao, Lánacara. 27360 Lugo. Tfno. 982543077. Fax: 982543357



\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Sinatura

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LÁNCARA

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE LÁNCARA para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE LÁNCARA na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos personais e garantía dos dereitos dixitais, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección RÚA ROSALÍA DE CASTRO, 17.- 27360.- A POBRA DE SAN XIAO.- LÁNCARA.- LUGO.

